


O código do Santo Lugar



XERAIS



Título:

Autor:

Editorial:

Colección:

Nº páxinas: 168

ISBN:

O código do Santo Lugar
Pere Tobaruela

Xerais

Fóra de Xogo

978-84-9914-462-7

O autor

Pere Tobaruela (Barcelona 1965), vive actualmente en Rois. É por isto que alterna a escrita en catalán e en galego. Con corenta títulos publicados nalgunhas das editoriais máis importantes de Cataluña, Galicia e o resto do Estado, transita por diversos xéneros literarios: libro ilustrado, banda deseñada, ensaio, biografía, escolma de entrevistas, conto e novela. Dentro da súa produción novelística atopamos obras infantís e xuvenís, e tamén para o público adulto. En Xerais ten publicados o libros: *Vouvos papar* (2008), obra infantil escrita en colaboración con Luz Méndez; *A cripta do apóstolo* (2010), novela xuvenil; *Poñente* (Xerais, 2011) e *O códice do Santo Lugar* (2013), novela xuvenil.



Resumo argumental

No século XI, nun contexto no que o rei Afonso de Galicia, Castela e León acababa de entrar vitorioso en Toledo mentres continuaba a loita contra os árabes no sur da Península, o bispo de Iria, Páez, manda copiar unhas miniaturas nas que se narra o traslado dos restos mortais do apóstolo Santiago a Compostela. Os pergameos, que se depositan na biblioteca da catedral, son roubados unha noite e o mozo crego Xelmírez é detido, acusado de ser o autor do roubo por se atopar no lugar dos feitos. Porén, Páez, malia temer a Xelmírez por velo coma un competidor que puidese arelar o seu posto coma bispo de Iria, desconfía que o roubo do códice foi obra do rei Afonso, polo que envía a Xelmírez en misión a Toledo para roubarlle, á súa vez, o códice ao rei, pois neste, ademais, se atopa un acordo de Páez con Guillermo o Normando para traer tropas súas e derrocar a Afonso. Xelmírez, antes de partir, descobre que o nobre Froila Vermúdez foi o cómplice necesario do rei Afonso para roubar o códice. Disfrazado de comerciante, Xelmírez viaxa a Toledo. Nesta cidade coñece a Belida, unha misteriosa muller medio meiga, que lle aventura que na súa misión se enfrontará a un gran perigo no que terá que optar. Esta mesma muller atopárase nas beiras do Guadiana con Rodrigo de Lara, guerreiro do rei Afonso contra os almorábides que nunha batalla fica malferido. A meiga curouno e dálle coidados. Rodrigo de Lara quedara prendido daquela muller para sempre sen chegar a saber nunca que esta acabará morrendo vítima dunha violación por parte dun asaltador de camiños. Xelmírez e o seu acompañante Roberto contan co traidor ao rei Fragulfo para axudalos a roubar o códice, pero finalmente este personaxe será ao propio Xelmírez a quen traizoe entregándoo ao rei. Xelmírez e Roberto, apresados nos alxubes de Toledo, temen a súa morte, pero finalmente chegan a un acordo co rei Afonso para enganar a Páez. Xelmírez volve a Iria co códice en compañía do soldado do rei Rodrigo de Lara coa pretensión de enganar a Páez, pero este xa está ao corrente de todo e prepara a súa fuxida a lugar seguro e manda encarcerar a Xelmirio, pai de Xelmírez, e deixan a Sesmondo a cargo da sé de Iria. Cando chegan Xelmírez e o resto do séquito obrigan a Sesmondo a confesar onde teñen pechado a Xelmiro para liberalo. Rodrigo de Lara acaba prendendo a Páez e Xelmiro e Froila Vermúdez fan os preparativos para conter aos nobres que aínda eran fieis ao bispo Páez.

Temas e valores

O coñecemento da historia de Galicia.

O coñecemento da historia da Península Ibérica e Europa.

O mito de Santiago.

A literatura como entretemento.

Os mecanismos do poder.

Actividades

Antes da lectura

- Na portada, aparece unha representación dun códice medieval. Busca información sobre os «manuscritos iluminados». Coñecías o nome? Escribe unha definición.
- Busca información sobre as caligrafías medievais máis importantes dos manuscritos europeos. Escribe aquí o nome dalgunha delas.


Despois da lectura

- En que comarca galega está Iria? Como é o nome completo deste lugar?
- Pasado o tempo, que cargo chegou a desempeñar Xelmírez, o mozo que protagoniza a historia?

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Escribe un contido alternativo á historia da barca de pedra que trouxo os restos de Santiago a Galicia e que puidese aparecer nun códice medieval.

2. Ilustra a anterior historia co estilo propio dos códices medievais.



Ficha d1 (despois da lectura)

1. Define as seguintes palabras:

Gouzo (páx. 7)

Vetusto (páx. 9)

Cóenga (páx. 11)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

1. Define as seguintes palabras:

Alxube (páx. 16)

Enxergar (páx. 21)

Friso (páx. 21)

Bordón (páx. 21)

Ourivaría (páx. 21)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

5. Define as seguintes palabras:

Cordobán (páx. 22)

Tombo (páx. 23)

Limiar (páx. 26)

Enfeite (páx. 29)

Rocho (páx. 37)

Gubia (páx. 37)

Buril (páx. 37)

6. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Ilustra o contido deste poema que, segundo di o rei Afonso na novela, cantara un xograr en León. Investiga primeiro sobre os termos que non coñezas.

«Pola costa verdegada
que din de Jacobusland
no intre de media noite
anda a serea a cantar.
As cántigas que ela deita
na vida ouviredes tal!
Ás aves que van prisadas
dálles moita señardá.»

2. Que quere dicir a frase latina *Carpe diem* (páx. 143). E *scriptorium* (páx. 11)? Coñeces algunha outra expresión latina que empreguemos actualmente? Escribea.

3. Define estas palabras:

Loriga (páx. 59)

Xibón (páx. 59)

Paria (páx. 61)

Devesa (páx. 65)

Hastil (páx. 65)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

5. Que queren dicir as seguintes frases feitas?

De tal pau tal acha. (páx. 32)

Galiña será pero chéirame a can. (páx. 64)


6. Que dous personaxes masculinos da novela teñen un encontro con Belida?

7. Como se chamaban os árabes cos que guerreaban na novela os cristiáns do rei Afonso?

8. Como se chama o personaxe que axuda a Xelmírez e Roberto a chegar ao códice en Toledo e que finalmente os traizoa?


Ficha d3 (despois da lectura)

1. Busca en internet algún mapa da Península Ibérica dos séculos XI-XII. Debúxao aquí indicando os distintos reinos que existían.



2. En que país europeo actual se atopan Gascuña, Aquitania e Borgoña, nomes de lugar que aparecen na novela?

3. Cal era o nome do pai de Xelmírez?



Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
 Polígono Pocomaco
 Avenida 3 Edificio Diana
 Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
 Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
 Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
 Fax: 986 201 366
xerais@xerais.es
<http://xerais.es>

